

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 21.03.2025, apróbase a convocatoria e bases para a elaboración dunha listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporais na Deputación Provincial de Lugo como “coordinador/a de proxecto”, grupo A - subgrupo A2, vinculada ao programa europeo: “reto rural digital” para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencias, proxecto: “Y para dixitalizarse Lugo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 069, do 25.03.2025.

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 29.05.2025.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da Deputación de Lugo para que aprobe a orde da listaxe para prestar servizos temporais como coordinador/a de proxecto, vinculada ao programa europeo: “reto rural digital”, ordenando constituír unha listaxe segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporais na Deputación Provincial de Lugo como “coordinador/a de proxecto”, grupo A - subgrupo A2, vinculada ao programa europeo “reto rural digital” para proxectos de capacitación dixital no medio rural, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencias, proxecto: “Y para dixitalizarse Lugo”, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	PÉREZ LÓPEZ, ÚRSULA	28,7330
2	DÍAZ GONZÁLEZ-VILLAMIL, MARÍA JOSÉ	27,0200
3	MARTÍNEZ ROUCO, INES	26,9800
4	VILA PAZ, MARIA TERESA	21,5050
5	RODRÍGUEZ ESPÍÑO, DANIELA	21,0910
6	PARDO SÁNCHEZ, RAQUEL	20,2500
7	LÓPEZ GÓMEZ, MARÍA BEGOÑA	19,9420
8	GARCÍA-MON BARREIRO, MARÍA DEL PILAR	11,0300
9	LÓPEZ VEIGA, MÓNICA	10,0700
10	FIGUEROA GARCÍA, MARCOS	8,8000
11	FERREIRO VILELA, LUCÍA	5,0000

	IV7SGS7TPVU6T7JDU5PFEXSPBY	Fecha y Hora	05/06/2025 08:29:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SGS7TPVU6T7JDU5PFEXSPBY	Página	1/2



2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 05-06-2025
ata a día 21-06-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA

	IV7SGS7TPVU6T7JDU5PFEXSPBY	Fecha y Hora	05/06/2025 08:29:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SGS7TPVU6T7JDU5PFEXSPBY	Página	2/2	